



20 VIVO
MÚSICA
NÚMERO 3
XANEIRO 09

GIRL POWER

**Aid encarna a revolución
feminina no rock, o pop
e o hip hop galegos**

XUNTA DE GALICIA

**SUGAR MOUNTAIN * MAGÍN BLANCO * VINTE ANOS DE 'NON CHAS QUERO'
NICOLÁS PASTORIZA * TRANSILVANIANS * UN DÍA COA TUNA RASTAFARI
GALICIA INTERCAMBIA SONS * SALA LA FÁBRICA DE CHOCOLATE**



www.musicaovivo.info



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais





SUMARIO

- 4 **SETE DE SETE**
Tres músicos retrátanse en directo
- 6 **SUGAR MOUNTAIN**
Rock do sur... de Galicia
- 9 **O DISCO QUE ME CAMBIOU A VIDA**
Magín Blanco fala do *Blonde on Blonde* de Dylan
- 10 **DETRÁS DA CANCIÓN**
Vinte anos do 'Non chas quero' dos Diplomáticos
- 12 **GIRL POWER**
Retrato das artistas emerxentes do país
- 16 **A MÁQUINA DO TEMPO**
Nicolás Pastoriza, de Bromea o Qué? a La Marabunta e Ectoplasma
- 17 **EN REDE**
Un cento de grupos... ao vivo!
- 23 **TESOUROS SOTERRADOS**
Vinilos caribeños da man de Kino, dos Transilvanians
- 24 **UN DÍA COA TUNA RASTAFARI**
En Cataluña coa banda máis festeira da volta
- 26 **OPINIÓN**
Por Belén Regueira, directora do *Extrarradio* da Radio Galega
- 27 **A SALA**
La Fábrica de Chocolate, un referente vigués
- 28 **DO ATLÁNTICO AO MEDITERRÁNEO**
A música galega busca oco en Portugal e Cataluña
- 30 **TABOLEIRO**
Os concertos do 2008 en imaxes

AO VIVO Música é unha revista de información e promoción da música galega que se distribúe de xeito gratuito en locais da Rede Galega de Música ao Vivo.

EDITA: Axencia Galega das Industrias Culturais
Consellería de Cultura e Deporte
PRESIDENTA: Ánxela Bugallo Rodríguez
DIRECTOR: Miguel Martín Fernández
CONSELLO DE REDACCIÓN: Xavier Campos, Olga Nogueira, Ana Miragaya, Ana Rosales, Roberto Fernández
COORDINACIÓN: Área de Comunicación AGADIC
PRODUCCIÓN E TEXTOS: Eme2 Emoción&Arte


COLABORAN NESTE NÚMERO: Magín Blanco, Nicolás Pastoriza, Kino Transilvanians, Belén Regueira
REVISIÓN LINGÜÍSTICA: Reverso
DESEÑO E MAQUETACIÓN: Logoferoz
FOTOGRAFÍAS: Janite, M. Lorenzo, cesións de grupos e arquivo da AGADIC

Impresión: Litoror
Tiraxe: 9.000 exemplares
ISSN: 1888-6191 / D.L.: C 692-2008



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais

agadic@xunta.es | www.agadic.info
www.musicaovivo.info



Lucía Martínez

PERCUSIONISTA

1 Cal foi o primeiro concerto ao que fuches?

Non me lembro con certeza, pero pola tradición da miña casa poderíame aventurar a dicir que foi algún domingo pola mañá para escoitar a banda de música en Vigo. Dos que si me lembro son dos da praza da Constitución en Vigo, cos meus pais, nas noites de verán, noites de folk e de fado, e os da Banda Xarabal, en especial o da Festa da Cereixa en Valadares. Un que me marcou moito foi o meu primeiro concerto de música clásica, cando a miña tía Rosa me levou ver a *Primeira Sinfonía* de Schubert.

2 En que concerto decidiches que o teu era estar encima do escenario e non só na platea?

Dende o primeiro día que me subín a tocar sabía que ía continuar facendo iso sempre. Foi co grupo didáctico da Universidade Popular, eu tocaba zanfona, e íamos vestidos de traxe rexional. O concerto foi en Vigo, no Monte da Mina, na asociación de veciños. Tanta foi a emoción que nesa tarde non fun á escola porque estaba moi nerviosa e tiña que prepararme, e cando cheguei ao auditorio esquecera a

zanfona na casa. Despois deume a alerxia, e estiven espirrando un bo anaco. Aínda así foi un grande éxito, e a historia continuou funcionando.

3 Ademais dos teus, cal foi o mellor concerto ao que asistiches?

Teño varios que me marcaron: o de Maria Schneider Orquestra: Concert in the Garden, en Guimarães, novembro do 2005; Carlos Bica Trio, con Frank Möbus e Jim Black, no Porto, no 2006; Schlipenbach Trio, con Evan Parker e Paul Lovens, no club Bflat de Berlin no 2007; e moitos do festival Imaxinasons de Vigo, porque alí escoitei cousas que cambiaron moito a miña percepción da música, como puideron ser Tomas Stanko, Pino Minafra, L'Inestabile, Enrico Rava, e tantos...

4 A que concerto da historia da música che gustaría ter ido e non fuches?

Gustaríame moito ver a Paul Motian con calquera dos seus proxectos. E o quinteto de Miles Davis con Wayne Shorter, Herbie Hancock, Ron Carter e Tony Williams, ou o cuarteto de Coltrane. E máis alá no tempo gustaríame ter visto algunha

sinfonía de Mahler dirixida por el, e a Bach.

5 Que che gustaría facer en directo que aínda non fixeses, porque te cortas, por falta de presuposto...?

Tantas cousas... e todas por falta de presuposto, porque por cortarme non é! Gustaríame ter sempre un técnico de luces e traballar a posta en escena, sermos un gran equipo de xente traballando, no son, na música, na imaxe. Gustaríame traballar con proxeccións, montar un espectáculo co meu cuarteto e un coro, facer unha *big band free* con artistas gráficos que improvisasen diferentes técnicas...

6 Que actuación túa recordas con especial cariño?

As do cuarteto, temos moitas especiais... Unha podería ser o 29 de decembro do 2006 no Porto, no Hot5. E a do Imaxinasons deste ano, a presentación do disco, no Auditorio Martín Códax en Vigo, por moitas razóns.

7 E cal foi a actuación máis desastrosa?

En Bremen, cunha banda de mulleres, nunha cea para un congreso de científicos. Sentadiña no meu *cajón*, animando a que bailasen rumba á alemá...



Archibald Losenrú

VOZ E GUITARRA DE MISQUIOUS

1 Cal foi o primeiro concerto ao que fuches?

A verdade é que non o lembro moi ben, pero sendo de Ferrol seguro que foi a algún dos (daquela) Limones del Caribe, polos anos oitenta.

2 En que concerto decidiches que o teu era estar encima do escenario e non só na platea?

Non o decidín vendo ningún concerto. Decidino vendo un sacerdote en Fátima ante 30.000 tolleitos. Iso si que foi auténtico rock and roll.

3 Ademais dos teus, cal foi o mellor concerto ao que asistiches?

Ademais do deste sacerdote en Fátima, gustoume moito un de Suede en Compostela.

4 A que concerto da historia da música che gustaría ir e non fuches?

Miami, ano 1969 ou 1970: John Densmore, alucinado, nas baquetas; Ray Manzarek, coitadinho, na ferverza dos teclados; Robbie Krieger, morto de risa nerviosa, á guitarra; Jim Morrison, fóra de si, berrando aquilo de "you're a bunch of fucking slaves. Adolf Hitler is alive and he lives here in Miami", ou algo

así. Probablemente ese non foi o mellor concerto de The Doors, pero gustárame velo.

5 Que che gustaría facer en directo que aínda non fixeses, porque te cortas, por falta de presuposto...?

O que máis me gustaría é cantar 'Tomorrow belongs to me' mentres cada persoa do público lambe un selo de correos de Abisinia e o home das luces axita un paraugas rosa e verde.

6 Que actuación túa recordas con especial cariño?

Seguramente a primeira, alá polo ano 1996 ou quizá no 1997 nun bar de ambiente da Coruña, e non é por nada en especial, supoño que simplemente porque foi a primeira.

7 E cal foi a actuación máis desastrosa?

Tampouco lembro ningunha especialmente desastrosa. Houbo unha vez que non sabemos por que designio clarividente nos convidaron a tocar nas festas de Cervo. Alá estábamos nós enriba do palco da festa, tocando coma posesos ante catro vellos mariñeiros todos metidos nun bote, mentres a xente nova da vila estaba emborrachándose nos bares. Pero pasámolo moi ben.



Héctor Lorenzo

CANTANTE E GUITARRISTA

1 Cal foi o primeiro concerto ao que fuches?

O primeiro concerto ao que fun foi o de Johnny Hearstman, un bluesman que me gustou moito.

2 En que concerto decidiches que o teu era estar encima do escenario e non só na platea?

Non sei cando cadrou exactamente, pero creo que foi a partir dun concerto duns amigos meus que eran moi divertidos.

3 Ademais dos teus, cal foi o mellor concerto ao que asistiches?

Tería que dicir moitos, pero recordo especialmente un de Caetano Veloso e outro da banda mítica The Wailers.

4 A cal dos concertos da historia da música popu-

lar che gustaría ter ido e non fuches?

Supoño que estar en Woodstock sería para non esquecer.

5 Que che gustaría facer en directo que aínda non fixeses, porque te cortas, por falta de presuposto...?

Gustárame dar un concerto cunha orquestra filarmónica, ten que ser unha experiencia.

6 Que actuación túa recordas con especial cariño?

Recordo con moitísima emoción uns cantos concertos co meu amigo finado Elías Cassamo.

7 E cal foi a actuación máis desastrosa?

Unha na que tiveron problemas coa miña guitarra: non soaba, e cando soaba facía ruído. Cousas que pasan...

SUGAR MOUNTAIN

**O GRUPO CALECO
MÁIS AMERICANO
PREPARA UN DISCO
NOVO CUN EX WILCO
NA PRODUCCIÓN**

Fotografías de JANITE





O grupo galego máis americano chámase Sugar Mountain. Desde hai dez anos, esta banda de Pontevedra vén facturando enormes cancións de rock, do que se escribe con letras maiúsculas, xirando sen parar por todo o Estado e por Europa e medrando con cada novo traballo editado. Agora preparan un novo disco para gravar en abril, de novo con produción de luxo: desta vez, aos mandos estará o antigo batería de Uncle Tupelo e de Wilco, Ken Coomer. Os dous guitarristas, Javi Ruano e Yago Carreño, cóntanlle a AO VIVO MÚSICA como vai ser a cousa.

Hai xa máis de dous anos da publicación do voso último disco, *In The Raw*. Como vos foi desde entón?

Javi: Como pasa o tempo, non? Tocamos moitísimo co *In The Raw*, estivemos literalmente por todos os recantos do país, e haberá cousa dun ano entrou Piru na banda como novo batería, o que supuxo un período de moito traballo de adaptación e posta ao día, pero coa montaña sempre en movemento.

Yago: Teño a impresión de que, tanto na resposta do público como na da prensa es-

pecializada, *In The Raw* tivo moita máis repercusión que o noso primeiro disco, *Hand Crafted Tunes*. A proba é a edición de *In The Raw* en Estados Unidos e a súa distribución por países europeos.

E polo visto xa tedes en mente unha nova publicación...

Javi: Estamos centrados de cheo na preparación do seguinte disco, que gravaremos en abril. A intención é publicalo antes do verán.

Yago: Tamén andamos pechando as datas da xira de presentación, sacar un *single* antes... Temos traballo que facer.

Como van ser as cancións novas?

Yago: A forma de compoñer e construír as cancións vai cambiando a medida que tes algo máis de experiencia e a vas aplicando ao que fas. O principal é buscar boas melodías. Desta volta hai máis temas de corte acústico, e nos máis rockeiros os *riffs* son menos marcados. Non sei, talvez haxa menos influencia dos Stones ou dos Faces e máis de Petty ou Nick Lowe.

Javi: Sen dúbida no novo disco haberá máis presenza de temas cunha onda algo máis electroacústica, o que non quere dicir que vaia ser un disco acústico ou menos rockeiro. Haberá un pouco de todo, e, de feito, segundo pinta a cousa, posiblemente vaia ser o noso disco máis variado ata o momento... Hai algo máis do pub rock estilo Brinsley Schwarz, que sempre nos gustou, pero que non quedou moi plasmado nos nosos anteriores traballos, penso.

Nas dúas últimas gravacións contastes con produtores americanos [Dan Baird, dos Georgia Satellites, e Eric Roscoe Ambel]. Que vos dan que non atopedes con outros técnicos? Seguiredes contando con xente dese nivel para as próximas cousas que gravedes?

Yago: Se algo temos claro son as nosas influencias, e traballar con eles achéganos ao que estamos buscando desde que montamos a banda, soar a rock and roll, tocar coma os nosos ídolos, facer cancións tan boas como as que eles fan. Isto inventárono hai moitos anos xa.

Javi: Traballar con Dan e Roscoe non foi algo premeditado, non somos un grupo *mainstream* que se xunta coa discográfica, o mánager e o patrocinador para decidir quen vai producir o disco para obter tal resultado ou tal outro. Son máis ben xente que fomos atopando no camiño. Un pouco o mesmo que pasou con Ken Coomer [que foi batería dos míticos Uncle Tupelo e dos non menos importantes Wilco ata o fundamental disco *Yankee Hotel Foxtrot*], que producirá o novo.

Como se constrúen as cancións de Sugar Mountain?

Yago: Normalmente tráese a canción cunha estrutura máis ou menos rematada e un aire bastante claro. A partir de aí introducimos a base rítmica e, pouco a pouco, cada quen vai achegando ideas...

Javi: É certo, poucas veces hai un cambio radical respecto á idea orixinal dun tema. As cancións escritas cunha guitarra acústica son sorprendentemente teimudas; ao final, a canción está na man dereita e é difícil escapar diso. Despois de botalo a andar e de incorporar toda a banda a un tema veñen as preguntas máis importantes: que podo NON tocar aquí? Que xiro podo simplificar na voz? Menos é máis. Sempre.

Nos últimos anos vivíuse unha especie de auge dos grupos que fan rock de raíz americana, supoño que axudada pola consagración a nivel popular de grupos como Wilco, os Jayhawks, etcétera. Vós, que levades moitos anos apegados a estas raíces, como vivistes isto?

Yago: Descubríñ bandas como Son Volt ou Jayhawks cando lle dixemos a Javi que xa non se facían cancións como as de Neil Young, Dylan ou Gram Parsons, xa antes de formar os Sugar. Todas esas bandas, que máis tarde pasaron a chamarse nova música americana, estaban por descubrir para min entón. Na miña opinión, foron non tanto unha renovación da música senón máis ben unha forma de retornar ás raíces dunha música que estaba nun recuncho.

Javi: Si, cando empezabamos como grupo tiñamos xa moi interiorizada toda a es-

"NO NOVO DISCO HABERÁ MÁIS PRESENZA DE TEMAS CUNHA ONDA ALGO MÁIS ELECTROACÚSTICA, O QUE NON QUERE DICIR QUE VAIA SER MENOS ROCKEIRO. VAI SER O NOSO DISCO MÁIS VARIADO"



SUGAR MOUNTAIN

cena do *americana* dos noventa. Dalgunha maneira sempre se nos relaciona con ese son, aínda que eu penso que nunca fomos tan folkies. Hoxe por hoxe o *americana* é un caixón de xastre no que cabe de todo. Supoño que fixo máis accesible un tipo de música coa que resultaba difícil relacionarse, fixo que a música americana de raíz resultase máis *cool* e actual, porque os que a tocaban xa non eran pailáns con sombreiros Stetson e banjos. En todo caso, o *americana* e a movida de No Depression morreu con Uncle Tupelo, o mesmo que o rock and roll morreu cando se estreloou o avión de Buddy Holly.

Sabemos das andanzas de Javi como experto en guitarras. Sodes dalgunha maneira obsesos dos instrumentos?

Yago: Javi ten varias candidaturas ao respecto [risas]. Agora en serio, é unha gozada, porque comparte todos eses coñecementos de instrumentos, amplificadores, pedais, e iso axuda a que o son do grupo sexa o mellor posible.

Javi: Algo de tolería hai, sobre todo cando botas contas [risas], pero preocuparse por buscar un bo son é importante. Non é nada novo, nunca vin os Hearbreakers ou os Byrds tocar con guitarras de contrachapado. Pode que un non entenda de amplificadores de válvulas ou de pastillas de guitarra feitas a man, pero calquera sabe

diferenciar o que soa ben do que non. Somos esixentes nese aspecto, porque, ao final, só se trata das ferramentas adecuadas para facer ben o traballo.

Como vedes o panorama en Galicia? Que artistas ou grupos vos gustan máis do voso contorno?

Yago: No noso ámbito hai bandas que están facendo cousas moi boas: Moon Cresta, Niño y Pistola, Cornelius... A situación dos grupos e a forma de resolver a nosa subsistencia segue sendo moi independente, máis aínda do que antes se entendía por *indie*.

Javi: Seguro... O independente hoxe en día é o rock and roll.

Como son Sugar Mountain en directo?

Yago: Creamos que o máis importante é a propia música. Cada concerto pode ser diferente, pero queremos que a xente vibre coas cancións que interpretamos e co son da banda.

Javi: Ese é o punto: a música. Prefiro conectar cunha persoa por unha canción que con dez pola actitude. Un bolo pode quedar máis animado, outro máis tranquilo e pausado, noutro podemos botar por fóra ou non abrir a boca... pero a música ten que estar aí, no primeiro lugar. Igual deberíamos ser menos volubles ao respecto, pero preferimos deixarnos levar de cada vez e ver que pasa.

Podedes recordar cando e como foi o voso primeiro concerto xa chamándovos Sugar Mountain?

Yago: Cheguei dunha longa viaxe e Javi, Jose e Rubén xa tiñan montados temas suficientes como para dar o noso primeiro concerto. Ao cabo dun mes, lanzámonos: foi en Pontevedra e o tipo da sala aínda nos debe unha mariscada.

Javi: Recórdoo con cariño porque era a primeira actuación para todos, ningún tivera un grupo antes.

Cal foi a vosa mellor experiencia en directo e cal a peor?

Yago: Mellores, peores... Non é fácil precisalo; unhas veces fallamos nós, outras veces o son e os medios son deficitarios, o público pode ser maravilloso ou pode estar a sala baleira e cun freaky diante berrando. Cada concerto é distinto, e son moitos anos. Doutra banda, un pode ter a sensación de ter feito un bo concerto e, logo, algún fan que xa viu unha ducia de veces a Sugar Mountain vai e di que lle gustou máis o do outro día, xusto o que ti recordabas como frouxo, nunca se sabe.

Javi: Lembro como memorable un concerto na Beat de Tomelloso. A sala, o público, o son, o grupo... todo de 10. Ese local merece un monumento. Como malo... que tal un festival con tres persoas no público no que non demos unha?

O DISCO QUE ME CAMBIOU A VIDA


'BLONDE ON BLONDE'

(BOB DYLAN). Columbia Records, 1966

Por MAGÍN BLANCO

"DESPOIS DE BOTAR A ANDAR A IDEA DUNHA CANCIÓN VEÑEN AS PRECUNTAS MÁIS IMPORTANTES: QUE PODO NON TOCAR AQUÍ? QUE XIRO PODO SIMPLIFICAR NA VOZ? MENOS É MÁIS"

"TRABALLAR CON DAN E ROSCOE NON FOI ALGO PREMEDITADO, NON SOMOS UN GRUPO 'MAINS-TREAM' QUE SE XUNTA COA DISCOGRÁFICA, O MÁNAGER E O PATROCINADOR PARA DECIDIR QUEN VAI PRODUCILO. O MESMO PASOU CON KEN COOMER"



Cheguei a Santiago en outubro de 1976 para facer unha filoloxía que nunca remataría. Na sala de música dun colexio maior noxento estaba o *Blonde on Blonde* de Dylan. Eu xa lle coñecía o *Desire*, e mesmo tocaba algunhas das súas cancións chappurreando en *spanglish* as letras, pero este disco era máis, xa desde a portada. E eu con anorak...

Dylan é o máis grande, máis que Elvis e que todo o mundo. Así que boteime á rúa a predicar a boa nova. Moita xente daqueles tempos xa non está, pero



MAGÍN BLANCO LIDEROU DESDE FINAIS DOS OITENTA OS MÍTICOS LA ROSA. ACTUALMENTE COLABORA CON OUTROS REFERENTES DO ROCK OURENSÁN, OS BURGAS BEAT, FORMADOS POR EX COMPONENTES DE COSECHA ROJA.

eu lembro o sorriso de Jerry, a melena de Julio, os fulares de Estrella, os ollos de Nico, as noites na Quintana coas guitarras, as tardes no A Laura... Logo viría o punk, a nova onda, o after punk e todo o que se queira, mais el segue aí coa súa bufanda, tradición e vangarda. Que máis se pode pedir? Eu preguntábame como se pode facer un tema tan largo coma 'Sad eyed lady of the lowlands' e que pareza curto: a resposta só pode estar polos aguillóns que se miran desde Espasante.

non chats guero



VINTE ANOS DUN CLÁSICO

No 2009 cúmprense dous decenios da composición de ‘Non chas quero’, a canción que propulsou a creación dos Diplomáticos de Monte-Alto e o nacemento dun movemento, o bravú, clave para entender a música galega actual



Esta é a historia dunha canción que marcou toda unha xeración de músicos galegos. E, coma todas as boas historias, nela teñen moito que ver o talento e o azar. Porque só foi por unha serie encadeada de casualidades que viu a luz en 1989, hai vinte anos, a xa mítica ‘Non chas quero’, a canción da que xurdiron Os Diplomáticos de Monte-Alto.

Porque, neste caso, primeiro foi a música e logo o grupo. “Ao mellor voume moi atrás, pero fai falta para entender de onde vén a canción”, explica Xurxo Souto, daquela estudante de Filoloxía Clásica en Compostela e hoxe director de programación da Radio Galega. “Era unha época parecida á actual, con moita creatividade e moitas ganas de facer cousas”, explica.

Naquela efervescencia da posmovida reencontráronse Souto e Xesús Ron (actualmente actor e axitador cultural desde a compostelá Sala Nasa), antigos compañeiros de instituto na Coruña.

“Xesús propúxome participar nunhas xornadas para a universidade que se chamaban *Labregos no tempo dos sputniks*, pero facía falta darlles un concepto para xustificalas; eu propúxenlle que reivindicásemos a música galaica tropical, e diso acabei falando na Facultade de Historia”, ri Souto.

Aí é onde o conto se empeza a revirar. Pouco despois, nunha visita á entón nacente Radio Galega, Souto coñeceu a Carlos Blanco e ao equipo do programa *O fadeiro*. Blanco propúxolle colaborar falando da conexión galega tropical que, xunto con Ron, abrira naquelas xornadas universitarias, e Souto aproveitou para envorcar todo o seu torrente de enerxía na radio: xurdiron máis colaboracións, ideas, espazos e, finalmente, as radionovelas.

Indiana Jones e os frigoristas

“Escribíllelas con papel de calco e logo liámolas en antena segundo saían da máquina”, explica. A primeira radionovela “era bastante evidente e chamábase *Indiana Jones en Compostela*”. Da seguinte, *Os frigoristas*, foi de onde saíu —agora si— a famosa canción. “Eu tiña un amigo do barrio que era frigorista nun barco, e contaba —cunha épica tremenda— que nos grandes barcos que van ás Seychelles e ao Índico, o superheroe non é o capitán, senón o encargado de manter o peixe conxelado ata que o barco volve a porto”.

Para a realización de *Os frigoristas*, Souto pediu facer tamén a banda sonora, e para gravalas chamou a varios amigos: “Un tocaba o acordeón nun grupo de folk que se chamaba Belida, e era Rómulo [Sanjur-

jol]; outro era o guitarrista do grupo heavy Atila, o Guni; os outros dous eran Alfonso Morán, que agora toca na Real Filharmonía e o seu irmán”.

Foron os cinco os que gravaron a primeira versión de ‘Non chas quero’, unha fervenza musical que duraba máis de sete minutos e na que se falaba de aventuras en Luanda e nos mares de África. “Gravámola con Toño Vázquez e o seu axudante Miguel, nun estudio móbil da Radio Galega que instalaron na casa da miña avoa en Figueiroa, en Abegondo”, explica Souto, “así que o corte orixinal ten *reverb* natural de alpendre”. Na mesma sesión quedou tamén rexistrado ‘Marcial de Vilar’, un tema discotequeiro.

A primeira cinta

Aquela cinta primixenia empezou a circular inmediatamente polos pubs da zona vella de Compostela. “Creo que a primeira noite puxérona sete veces na Casa das Crechas”, asegura Souto, “e o éxito foi tal que non tivemos máis remedio que montar o grupo”. Así, a remolque dunha canción excepcional creada para a radio, naceron os Diplomáticos de Monte-Alto, o seu primeiro disco —no que ‘Non chas quero’ aparecía regravada e reducida en extensión—, o bravú e todo o que veu despois.


GIRL POWER

Son cada vez máis, e están nos mellores sitios: as mulleres toman o mando en varios dos proxectos máis interesantes do pop, o rock e o hip hop do país



LUCÍA ROLLE: “SE CADRA AS MOZAS SOMOS MÁIS SENSATAS, E DE NOVAS DECATÁMONOS RÁPIDO DE QUE SE QUEREMOS VIVIR DO ROCK AND ROLL ESTAMOS FODIDAS, E POR ISO DECIDIMOS GASTAR O TEMPO EN COUSAS PRODUTIVAS”

ISA CEA: “A SITUACIÓN ESTÁ COMO CADA UNHA QUEIRA QUE ESTEA. AMIGAS QUE TOQUEN, QUE CANTEN E QUE SEXAN TÉCNICAS DE SON TEÑO UNHAS CANTAS. NON ME GUSTAN OS VITIMISMOS NIN A RESIGNACIÓN FÓRA DE LUGAR”



JANITE

Ata non hai tanto, a música pop era un terreo practicamente vedado para a muller, tanto nas formacións como nas letras ou nas actitudes. Por fortuna, a cousa xa non é tan así: a metade do mundo historicamente menos tida en conta tomou o mando de moitos dos proxectos musicais máis interesantes dos últimos dous decenios. As músicas, cantantes e instrumentistas galegas de rock, de pop e de hip hop cóntannos ata que punto a cousa mudou.

O cambio nótese, din. “De tanto falar desde a mesma perspectiva, as mensaxes convertéronse en ridículos reclamos de ‘titis’, nunha loita de pitos bastante vergonzosa”, explica Isa Cea, baixista de Triángulo de Amor Bizarro, o grupo que, a medio camiño entre O Barbanza e A Coruña, dinamitou o panorama *indie* estatal no 2007 co seu disco homónimo, editado por Mushroom Pillow. “Para min que xa hai un tempo que hai certa evolución e equilibrio: mira a Stereolab, Yo La Tengo, Sonic Youth, os Pixies, My Bloody Valentine ou The Go! Team”, explica.

Efi Arias, cantante, guitarrista e cincuenta por cento do dúo de pop electrónico Fanny+Alexander, destaca que “por primeira vez en Galicia non vamos por detrás, senón á par do resto do mundo. As cousas van mudando pouco a pouco”, considera, “e, se botas un ollo á escena internacional, tanto a *mainstream* como a *indie*, a representación feminina comeza a ser moi importante e lidera moitas das propostas máis anovadoras”. “Aquí segue sen haber moitas instrumentistas, case todas son cantantes, e precisamos *guitar heroines*. Pero, sendo xustos, a situación desde os anos nos que o que predominaba era o bravú, e nos que a

presenza feminina tendía a cero, mellorou infinitamente”, di.

“Eu creo que as novas xeracións xa son mixtas en todos os aspectos, e non lles importa o sexo, senón a calidade e o talento”, explica Wöyza, unha vaguesa de 20 anos que vén de editar o seu primeiro disco de hip hop soul, *Pisando el suelo que ves*, producido por El Puto Coke para o seu selo, Licor Kafé. “Cada vez son máis as que senten este movemento”, comenta.

Tamén na órbita de Licor Kafé se atopa outra novísima promesa rapeira, Aída Alonso, Aíd, que acaba de gañar o concurso Heineken Greenspace, ao que concorreron 1.300 propostas de todo o Estado. Aíd nega con vehemencia o estereotipo do hip hop hipermachista: “Evidentemente hai máis artistas masculinos que mulleres no rap, pero ocorre nos deportes, no traballo, na rúa. É normal este tipo de visión sobre unha cultura desvirtuada por certos sectores que reducen a imaxe do hip hop ao machismo, á chulería e á ostentación. O hip hop naceu como alternativa á violencia, ás lacras sociais, e como tal creceu enchéndose de valores como o respecto, a tolerancia, o compañeirismo, a fidelidade, a igualdade... Esta filosofía non toleraría as diferenzas entre sexos, clases, razas ou orientacións. No hip hop real, que non é o da tele, as mulleres somos tratadas como raíñas, dou fe”. “En Galicia”, prosegue, “son poucas as figuras femininas do hip hop, pero hai moi boas artistas, temos a Lúa como *b-girl*, a Sax como escritora, tamén a Wöyza...”.

Cantantes... e instrumentistas

Con todo, os grupos formados só ou na súa maior parte por mulleres son minoría en Galicia. Hai excepcións, como Síndrome de Estocolmo, de Boiro, ou Franc3s, de Car-

ballo. Noutras bandas, a presenza feminina é tamén considerable. Iria Noa López e Alicia Valle tocan o baixo e a frauta, respectivamente, na formación coruñesa Moon-dogs Blues Party, que comparten con cinco homes. “Cando toco son un todo cos compañeiros, non penso en se son homes ou mulleres, só penso na música que facemos xuntos. Tampouco me fixeron sentir nunca rara; iso pásame máis noutros ámbitos da vida”, afirma López. Para Valle, “aínda que a cousa vai mellorando pouco a pouco, para chegar á paridade queda moito. O rock naceu e medrou dentro do mundo masculino, pero nestes tempos entrar neste estilo de música é só cuestión de gustos. Iso si, as bandas de rock femininas non pasan de ser, de momento, algo exótico”.


Máis optimista é Silvia Penide. Coruñesa e cantautora, artífice do exitoso *Desafiante crónica* (Falcatrada, 2007), cre que “incluso as mulleres que fan rock no sentido clásico non se senten xa fóra de lugar. O número de músicos e músicas estase a equiparar desde hai tempo”.

A súa compañeira de selo, Lucía Rolle, é a alma de Sevigny e está preparando a continuación ao seu delicado *Melalcoholic* (Falcatrada, 2007). “Se cadra as mozas somos máis sensatas, e de novas decatámonos rápido de que se queremos vivir do rock and roll estamos fodidas, e por iso decidimos gastar o tempo en cousas máis produtivas”, explica, e engade con sorna: “Eu non conto, son unha perdida”.

Música de mulleres?

Pero existe iso que algúns chaman “música de mulleres”? “Eu creo que vai no individuo e na súa capacidade de sentir”, di Iria Noa López, concordando con Silvia Penide e con Lucía Rolle. Esta última afirma que “a día de hoxe as características emocionais ou de actitude asociadas cun xénero concreto mestúranse, aínda que sempre haberá produtos coma Pussycat Dolls [un grupo americano formado por modelos] ou o típico grupo de machiños ibéricos cuns obxectivos de público moi claros”. “Tanto se es un home coma unha muller, cantas do que es, de como te sentes ou como ves as cousas, menos Ana Torroja [cantante de Mecano], que cantaba por boca dun home”, explica Rolle medio en broma.

“A música de homes feita para homes resúltame curiosamente agresiva, coma se un neno pequeno estivese a bater a cabeza contra a parede para chamar a atención, e sempre hai algún parvo que ve iso como admirable”, ironiza Isa Cea. “Creo que a gran diferenza entre homes e mulleres é que elas



JANITE

non necesitan reafirmarse continuamente ante a manada, e por iso coido que hai moita máis sinceridade”, remarca.

Tamén ve diferenzas entre o que fan os artistas de cada sexo Wöyza, aínda que con matices: “Claro que é distinto o que fan mulleres e homes; nós facemos música polo xeral máis positiva e menos agresiva. Pero non está ben xeneralizar”. No caso particular do hip hop, explica, “hai cousas que inventar” desde a perspectiva do xénero, “porque hai palabras que unha muller non emprega, formas de falar que non nos son propias”.

“Así como somos, así escribimos”, di Aíd, para quen “no ámbito da música ne-

AÍD: “EVIDENTEMENTE HAI MÁIS ARTISTAS MASCULINOS QUE MULLERES NO RAP, PERO NO HIP HOP REAL, QUE NON É O DA TELE, AS MULLERES SOMOS TRATADAS COMO RAÍÑAS, DOU FE”





DE ESQUERDA A DEREITA E DE ARRIBA A ABAIXO: LUCÍA ROLLE (SEVIGNY),
IRIA NOA LÓPEZ (MOONDOGS BLUES PARTY), EFI ARIAS (FANNY & ALEXAN-
DER), AÍD E ALICIA VALLE (MOONDOGS BLUES PARTY)

M. LORENZO



JANITE



M. LORENZO

**EFI ARIAS: “SEGUE SEN HABER
MOITAS INSTRUMENTISTAS, E
PRECISAMOS ‘GUITAR HEROINES’.
PERO A SITUACIÓN DESDE OS ANOS
DO BRAVÚ, NOS QUE A PRESENZA
FEMININA TENDÍA A CERO, MELLO-
ROU INFINITAMENTE”**

gra as mulleres podemos presumir desde sempre de termos mundialmente un alto protagonismo”.

Para Efi Arias, a diferenza entre a música que fan os homes e as mulleres si que se nota, “especialmente se son elas a voz principal. Non hai máis que escoitar Velvet Underground: dependendo de se canta Nico ou Lou Reed, parecen dous grupos distintos”. Con todo, asegura que na súa adolescencia os seus referentes musicais eran todos homes: “Cando aos dezaseis merquei a primeira guitarra eléctrica, eu quería ser James Hetfield, e non Courtney Love”.

“Facendo pop dá a impresión de que é algo máis natural, e imaxino que as mulle-

res que militen en grupos de heavy ou de punk si que se terán sentido raras”, asegura a integrante de Fanny+Alexander. “Se algunha vez me sentín rara”, explica Wöyza, “non sei se foi por ser muller, por facer hip hop-soul ou por que; igual que hai mulleres que tiran abaixo a loita da maioría, aquí tamén hai catro retrógradas, pero eu non teño problema por defender os meus dereitos”.

“A situación está como cada unha queira que estea”, afirma Isa Cea, categórica. “Amigas que toquen, que canten e que sexan técnicas de son teño unhas cantas. Non me gustan os vitimismos nin a resignación fóra de lugar”.

NICOLÁS PASTORIZA

PERSONALIDADE POP

“As bandas nas que empecei a tocar foron Los Buzos [con músicos que logo tocaron en Sinistro Total] e Bromea o Qué? [1985-1990], a primeira coa que editei disco, máis ou menos. Faciamos o mesmo que facemos agora, pero dun xeito máis inconsciente, amateur, punk e trapalleiro, pero coa mesma ilusión. Facíamolo para canalizar a creatividade, e porque daquela este país desatouse nunha etapa pop inesperada; isto era un pouco como un país do leste de Europa que espertaba con ilusión dun pesadelo de tedio. A xente era moi receptiva tanto á música como á pintura, aos fanzines, á roupa e aos peiteados ad hoc”.

“O único que cambiou en min desde entón foi o poder adquisitivo para mercar guitarras caras, roupa e todas as parvadas imprescindibles do rock and roll. Iso delata o meu grao de inmadurez a medida que vou máis vello... Pero estar nunha banda tan nova como Ectoplasma rexuenece, así que basicamente, e salvo polos anos e o meu emerxente bandullo, non cambiei tanto”.

“A escena si que cambiou. Agora hai máis bandas e máis festivais e máis talento, pero menos resonancia nos medios. Cales son os programas de música pop na TVG, en Localia ou en Televisión, por non citar xa as cadeas nacionais? Facer pop é como facer sendeirismo ou aeromodelismo: ten afección pero pouca escena, salvo en contadas situacións estivais, que cada vez son menos numerosas”.

“Da etapa de Bromea o Qué? [en plena efervescencia do que se chamou ‘a movida de Vigo’] recordo moitas risas, moito pop e

moitas substancias perniciosas, e tamén moitas perdas e algún desgusto. Da de La Marabunta [nos noventa], moita aprendizaxe do negocio, e unha grande

“Facer pop é como facer sendeirismo ou aeromodelismo: ten afección pero pouca escena”

actividade facendo letras. Nos dous casos quedo co pracer de tocar cos mellores músicos da miña xeración”.

“Só pensei unha vez en que todo se acababa: durante un par de horas, hai oito anos”.

“En directo, electrocuteime en Pontearreas, caín por detrás da batería no CDB en Vigo, falei coa miña nai polo móbil, parolei en italiano chapurreado en Florencia e a xente aplaudiu encantada, tireime desde o escenario de Castrelos [Vigo] durante a Xabaxira (o espectáculo do Xabarán Club) e fun case espido e violado por centos de nenos e nenas entolecidos polos vatios do son...”.

“Teño un recordo especial de varios concertos: con Ectoplasma, en Viveiro, con Fangoria; de La Marabunta, nun Nova Olimpia [en Vigo] petado; e de Bromea o Qué? en Castrelos, con Sinistro Total. E todos polo mesmo, pola resposta do público. Case sem-

pre todo se basea na resposta da xente. Aínda que fagas unha merda de concerto, se a xente o pasa ben, todo está perfecto; agora, como deas o concerto da túa vida e a xente pase de ti, acabas chorando no camerino e bebendo ata o zume de froitas do bosque do catering e o alcohol das feridas”.

“Sigo tocando porque podo facelo. E porque hai xente que me quere nunha banda chea de talento e xuventude, coa que aprendo moitísimo, e non só de música. Tamén sigo con isto porque aínda é unha actividade bastante enriquecedora, dea ou non dea un peso”.

NICOLÁS PASTORIZA FOI VOCALISTA DE BROMEA O QUÉ? E DE LA MARABUNTA, E AGORA LIDERA A FORMACIÓN VIGUESA ECTOPLASMA, QUE ACABA DE GRAVAR DISCO.



ENREDE

Cen grupos e cerca de medio milleiro de actuacións conforman este ano a Rede Galega de Música ao Vivo, unha mostra do que se está a cocer nos distintos estilos musicais que se practican no país. Os que seguen son os artistas e as bandas integradas nesta programación da AGADIC e Clubtura. Para confirmar as datas e os horarios dos concertos pódese visitar a web: www.musicaovivo.info

A Tuna Rastafari

Enerxía, festa, improvisación: estas son as bandeiras de A TUNA RASTAFARI, un grupo morrazán que combina desde a canción popular galega ata o corrido mexicano, sen complexos. www.myspace.com/atunarastafari

Adrián Costa & Marcos Coll

Desde as súas orixes compostelás ata a súa residencia actual en

Gañadora do concurso Greenspace o ano pasado e ligada ao prestixioso colectivo Likor Café, o seu é un cóctel da música negra do pasado e o rap actual. www.myspace.com/aid8990

Alberto Pérez

Foi integrante con Sabina e Krahe do mítico trío La Mandrágora; logo traballou para a televisión, para a radio e para o cine. Hoxe, ALBERTO PÉREZ trae á Rede Galega a súa canción de autor marcada pola improvisación.

Alejandra Burgos

O blues, o country e o rockabilly son a raíz da música desta argentina. En activo desde os 16 anos en solitario e en diversos grupos, a impresionante voz de ALEJANDRA BURGOS e a súa xuventude fan prever un enorme futuro que xa é presente. www.alejandraburgos.com

Aló Django

ALÓ DJANGO queren ofrecer concertos divertidos co swing como banda sonora, e conseguen que o espírito veloz e divertido de

Django Reinhardt acabe sobrevoando a sala.

myspace.com/alodjangoswingband

Álvaro Muras

O funk fusión do baixista ÁLVARO MURAS é algo diferente e orixinal: un percusionista e convidados variados acompañan unha proposta cambiante e nova. www.alvaromuras.com

Anger

Os monfortinos ANGER ofrecen temas propios e versións de rock clásico e moderno, de Led Zeppelin a Linkin Park. www.anger-es.com

Aphonníc

Os APHONNIC defínense como “grupo visionario, detallista e conceptual, que xoga coa dozura e o caos, entre a subversión e a solidariedade ante a problemática social”: metal fresco e orixinal con dous cedés no mercado. www.aphonníc.com

Ataque Escampe

Fan rock de serie B, e foron unha das revelacións galegas: ATAQUE ESCAMPE apostan pola instrumentación sinxela, as grandes letras e un antivirtuosismo que os une tanto con Jonathan Richman coma con Xil Ríos. ataqueescampe.blogspot.com

Balakandra

A mestura define a música de BALAKANDRA: navegan entre o rock e o jazz, o pop e o bluegrass, enriquecendo a base folk. www.myspace.com/balakandra

Baldosa Amarilla

BALDOSA AMARILLA son un grupo do Porriño que fai rock de



6pm

Pop electrónico e moi elegante elaborado desde o salón da casa de dous multiinstrumentistas coruñeses. Guitarras, teclados, metais, percusións e demais trebellos dixitais converteron a 6PM nunha das mellores bandas galegas do momento. www.6pm.es

7 Puertas

Co primeiro disco, *Hasta el final*, debaixo do brazo, os compoñentes de 7 PUERTAS presentan material novo e un monte de versións de clásicos do rock encadradas no seu interese polos sons máis intensos. www.7puertasweb.com

Berlín, ADRIÁN COSTA e MARCOS COLL son os embaixadores do blues galego e dous grandes da escena europea. www.losreyesdelko.com

Aguardiente Swing Quartet

O grupo alacantino rende tributo ao jazz dos anos trinta e corenta, con tres guitarras acústicas, contrabaixo e voz para recrear á perfección o ambiente que existía nos antigos clubs. www.aguardienteswing.com

Aíd

Viguesa de 1990, AÍD é a última revelación do hip hop estatal.



ALEJANDRA BURGOS

guitarras, con forza e á vez con delicadeza. Cunha maqueta e un videoclip, son toda unha aposta. www.baldosaamarilla.com

Banda Potemkin

Un barco todoterreo, un triturador de ritmos balcánicos e cari-

guitarras acústica e eléctrica e a pedal steel guitar.

www.myspace.com/brunotford

Bukowski Blues Trío?

Con formacións cambiantes, BUKOWSKI BLUES TRÍO? levan desde mediados dos noventa

a crear unha auténtica banda de rock sólido americano para aproveitar a química entre os seus integrantes.

www.myspace.com/cooltrainband

Cornelius

Gañadores de múltiples concursos e curtidos en moitos escenarios, CORNELIUS seguen adiante co seu rock sofisticado e cosmopolita, presentando o seu primeiro disco, *Gretatest hits*.

www.cornelius.tk

Coyote Express

COYOTE EXPRESS son un grupo coruñés con máis de 13 anos de experiencia, especializado en versións de cancións dos sesenta e dos setenta, desde Creedence a Lynryd Skynryd ou Janis Joplin.

myspace.com/coyoteexpressband

Creole Kings

Sen reviravoltas, directos ao conto, CREOLE KINGS son un trío acústico vigués encabezado polo crooner Alberto Cunha. Os reis do crioulo mesturan country, blues e pop da década dourada con alegría e clase.

www.creolekings.com

Dandy Fever

A voz de Mariana é a guinda que coroa a proposta de DANDY FEVER, baseada no reggae, o rocksteady e o ska xamaicanos clásicos con toques de soul.

www.dandyfever.cjb.net

Debuxos Reanimados

Naceron no ano 1995 para revisar as vellas melodías que escoitaban pola televisión de cativos; hoxe, os DEBUXOS REANIMADOS seguen facendo música chea de ironía, de humor e de frescura.

Deva

Formados no 2007, DEVA son un grupo alternativo en castelán con matices electrónicos e raíces anglosaxoas, cunha primeira gravación aínda recente.

www.myspace.com/proyectodeva

Doctor Harapos

O letrista Víctor Lorenzo e o músico Pablo Carrera son a cerna de DOCTOR HARAPOS, un grupo que promete rock con ritmos hipnóticos, letras corrosivas e sons distorsionados.

www.doctorharapos.com

Ectoplasma

Rock 'orquestrado', con letras máxicas da escola de Ray Davies, Morrissey e Oscar Wilde, ECTOPLASMA son o último proxecto de Nicolás Pastoriza, un clásico da escena viguesa desde os oitenta, con disco en camiño.

www.myspace.com/ectoplasmav

Edu Manazas & Whiskey Tren

As manazas de Edu, un dos mellores bluesman brancos da volta, recrean xunto co seu grupo, os WHISKEY TREN, os diversos ritmos do blues, do shuffle ata o funk ou o latino.

www.myspace.com/edubighandswhiskeytren

El Cubo

EL CUBO proxéctanse desde o rock clásico ao metal e o pop rock cunha contundencia especial en disco e nos escenarios, para os que propoñen unha posta en escena persoal baseada nunha estética coidada e unha escenografía espectacular.

www.myspace.com/elcubomusic



CARLOS CHILDE TROUPE

beños e unha tripulación chea de experiencia nos mares da música galega: son BANDA POTEMKIN, o lugar onde os arranxos fan que as ideas perdan a forma orixinal e se volvan *potemkianas*.

www.myspace.com/bandapotemkin

Batusi

BATUSI é o novo proxecto de veteranos músicos coruñeses integrantes de bandas como Ultracuerpos, Meu ou Rockers Go To Hell, e desta vez atacan instrumentais do funk e o soul máis clásico.

www.myspace.com/batusiband

Brothers in Band

BROTHERS IN BAND é unha banda coruñesa de tributo a Dire Straits e a Mark Knopfler. Durante dúas horas homenaxeán a mítica banda británica interpretando os seus éxitos dos oitenta.

www.brothersinband.com

Bruno T. Ford

O guitarrista da banda alemá Río Bravo, BRUNO T. FORD, ofrece agora a súa enerxía sen máis envoltorio instrumental que o das

ofrecendo versións libres e persoais de Hendrix, Cream, Stevie Ray Vaughan ou Ray Charles.

www.bukowskitrio.com

Carlos Childe Troupe

Influenciado polo blues tradicional e o swing, CARLOS CHILDE explora os terreos do folk blues e o country rock plasmados no seu primeiro traballo.

www.carloschilde.com

Chamito El Flako

Guitarrista, cantante, compositor hispano-venezolano, CHAMITO EL FLAKO é funk mestizo, eléctrico, atrevido e incansable.

myspace.com/chamitoelflakomusic

Con Cierto Swing

A formación de CON CIERTO SWING traballa para recrear o ambiente do Hot Club de París, trasladando conceptos e técnicas instrumentais desde os anos corenta ata os nosos días.

www.conciertoswing.com

Cooltrain Band

Antes banda de versións, os COOLTRAIN atrévense agora

HENDRIK RÖVER



El Puchero del Hortelano

Os murcianos EL PUCHERO DEL HORTELANO presentan o seu cuarto disco, *Harumaki*, cheo de melodías vestidas de flamenco, rumba, pop, rock e funk.

www.elpucherodelhortelano.com

Elodio y los Seres Queridos

Co seu fantástico disco *Esto que tienes delante*, ELODIO Y LOS SERES QUERIDOS, comandados por Eladio Santos, consagráronse como unha das referencias do panorama pop do país.

www.myspace.com/elodioylosseresqueridos

Fabulosos Cubatas de Fockink Brothers

Eduardo Hermida (pintor e axitador cultural ferrolán) e Pepe

Doré (ex-Los Doré e músico polifacético coruñés) seguen adiante co irreverente e acedo cabaré dos FABULOSOS CUBATAS DE FOCKINK BROTHERS.

www.fabulososcubatas.com

Fainoti

FAINOTI son unha novísima banda de Bueu que explora, coa súa formación de guitarras e ventos, os ritmos do ska, o rock ou a bossa nova, e que están presentando o seu primeiro EP.

www.myspace.com/fainoti

Félix Arias

Integrante de Guru Deva e 50% dos Lovely Luna de Xoel Deluxe, FÉLIX ARIAS mergúllase en *Manchados de tinta* na súa faceta máis acústica e poética.

Franc3s

Revelación indie do 2008 coas súas últimas gravacións, os carballeses FRANC3S din que soan "como Sergio Algora facendo unha versión de Silver Apples unha noite de tormenta nun pub á beira do Mare Imbrium...".

www.myspace.com/franc3sspace

Graham Foster Trío

Descuberto por Elton John, irmán do baixista dos Pretenders e dos Simple Minds e guitarrista de lendas como Etta James, GRAHAM FOSTER entrégase aos ritmos do rock clásico.

www.grahamfoster.net



FÉLIX ARIAS

Guezos

Os cinco GUEZOS levan tres discos publicados, nos que mesturan enerxía, tres partes de música folk, dúas de rock e outras tantas de música tradicional galega, con pingas de sabores variados como funk ou reggae, e ata rumba, se apetece.

www.guezos.com

Guru Deva

Xa clásicos da Coruña, GURU DEVA, bautizados con dúas palabras do 'Across the Universe' de The Beatles, queren ser a resposta a grupos como Ocean Colour Scene ou Coldplay.

www.myspace.com/gurudevapop

Hendrik Röver y Los Esqueletos

O líder dos míticos Deltonos presenta as súas cancións máis espidas: HENDRIK RÖVER ofrece temas acústicos de ambiente americano que falan de trens, traizóns, camaradas, de resacas varias e de decisións aprazadas.

www.myspace.com/hendrikrover

Holywater

HOLYWATER é unha banda de rock en estado puro. Dúas guitarras envolventes, potencia rítmica e unha voz emocionante para o seu último disco, *Tranquility*, estreado a finais do 2008.

www.holywaterweb.com



GUEZOS

Harry Navisson Band

O guitarrista HARRY NAVISSON e a súa banda despregan o seu arsenal de ritmos country, blues, funk e dixie en concertos onde a marcha está sempre máis que asegurada.

myspace.com/harrynavissonband

Héctor Lorenzo

O guitarrista e cantante HÉCTOR LORENZO colabora habitualmente con músicos da talla de Quim Farinha, Carmen Dor, Pablo Seoane, Uxía ou Najla Shami, movéndose sempre dentro das coordenadas da bossa e o jazz vocal en galego, con delicadeza e letras poéticas.

Javier Constenla Improvía

JAVIER CONSTENLA, director de big band e mestre de jazz, aposta agora por explorar estilos diversos como o latino, a balada, o swing e os temas de raíz galega, dinámicos e baseados na improvisación do jazz.

www.myspace.com/jvierconstenla

Javier Pereiro Quartet

Formación a catro de jazz acústico, integrada por trompeta, guitarra, contrabaixo e batería, que interpreta composicións orixinais de new hard bop con algún arranxo de estándares.

www.myspace.com/javierpereiro



José Luis Pardo & The Mojo Workers

O guitarrista JOSÉ LUIS PARDO, admirado por moitos dos mellores músicos de blues dos Estados Unidos, está presentando por Europa e América toda a súa destreza e forza.

La Pegatina

O son pegado á rúa dos cataláns LA PEGATINA recorda a Manu Chao: rumba urbana e festeira ou punk feito con guitarra española e caixón flamenco.

www.lapeгатina.com

Lisandro Aristimuño

O poético mundo pop do arxentino LISANDRO ARISTIMUÑO preséntase en Galicia: unha guitarra e uns pedais de efectos bástanlle para elaborar melodías e experiencias únicas.

www.lisandro.biz



Little Albert Boogie Band

A LITTLE ALBERT BOOGIE BAND é un power trío de rhythm & blues que tenta achegar todos os seus anos de experiencia á nobre tarefa de divertir ao público con temas propios e versións de obras mestras.

www.littlealbertboogieband.com

Los Eternos

Míticos músicos da escena ceirensa conforman LOS ETERNOS, unha tormenta de rock electrificado mesturado agora con clásicos do country.

www.myspace.com/loseternos

Los Marcianos

LOS MARCIANOS son un grupo de pop nacido en Vigo, que estrean single para mostrar o que eles definen como 'pequenos destelos que fan a vida á xente un pouco máis doada'.

myspace.com/losmarcianospop

Los Mecánicos

Fernando Esclusa (Guru Deva), José Martínez Bonham (ex Deluxe, The Majestics) e Tito Ritmanmuchos son LOS MECÁNICOS, un supergrupo que fai versións de clásicos dos sesenta.

Lucía Martínez Cuarteto

A multiinstrumentista LUCÍA MARTÍNEZ pertence á nova xeración de novos músicos de jazz en Europa, e déixase influenciar

polo folk de Galicia, o flamenco, a música do Mediterráneo e a experimentación.

www.lucimartinez.com

M3 Monkey Meets Music

O mono atópase coa música, buscando a sinerxía entre os ritmos que nos fan mover os pés e os cadrís, as harmonías que envolven os corazóns e as melodías que fan voar a imaxinación.

myspace.com/monkeymeetsmusic

Magín Blanco & Burgas Beat

A cabeza pensante dos míticos La Rosa e os compoñentes de Cosecha Roja colaboran nun proxecto con aromas clásicos, entre o pop británico dos sesen-



ta e o rock americano da época dourada.

www.burgasbeat.com

Meu

Cos seus discos *What's Up!* e *Did You Hear?*, os MEU convertéronse nun dos mellores grupos de pop de ascendencia británica do Estado. En directo confírmalo aínda con máis claridade.

www.meu.es

Michel González Band

Con gran experiencia aos dous lados do Atlántico, a MICHEL GONZÁLEZ BAND, formada por músicos de diversas proceden-

cias, interpreta material orixinal coa intención de difundir a música latinoamericana.

www.michelgonzalez.com

Microguagua

MICROGUAGUA aplícanse ao estilo rumbeiro, multilingüe e mestizo que arrasa en Cataluña. Desde o Raval barcelonés traen ritmos poderosos e de raíz.

myspace.com/colectivomicroguagua

Miki Nervio & The Bluesmakers

Toda unha lenda do panorama galego, MIKI NERVIO e os BLUESMAKERS triunfan en calquera lugar, en plena rúa ou nos locais e escenarios máis diversos, co seu repaso á historia do blues.

www.mikinervio.com

Misquious

De orixe cen por cen electrónica, os ferroláns MISQUIOUS mudaron para centrarse nun son máis duro e guitarreiro, sen esquecer nunca a súa paixón pola densidade do dixital.

misquious.blogspot.com

Moon Cresta

MOON CRESTA fan "power & funk": abertos e eclécticos, recuperan o rock enérxico dos setenta sen deixar de soar contemporáneos, en ocasións duros e outras veces elegantes e delicados.

www.moon-cresta.com

Moondogs Blues Party

Dúas guitarras, baixo, batería e sección de vento con frauta traveseira fan que o blues e o rock clásico de MOONDOGS BLUES PARTY se distingan á primeira.

moondogsbluesparty.blogspot.com

Mr. Whiz

MR. WHIZ son un regreso ao pasado, aos corenta e cincuenta, a Carl Perkins, Johnny Cash e Elvis, ao hillbilly e ao rock da época na que os Estados Unidos eran o país máis feliz do planeta.

www.mrwhiz.org

Niño y Pistola

Pop perfecto, melodías monumentais e letras amargas: NIÑO Y PISTOLA confirmaron co seu disco *Culebra* por que son unha das mellores bandas do momento en Galicia.

www.ypistoia.com

O Sonoro Maxín

A cumbia, a soberana absoluta das celebracións populares, son a razón de existir de O SONORO MAXÍN, un grupo que converte os seus directos nun torreiro da festa tropical no que cada un manda na súa forma de bailar.

www.myspace.com/osonoromaxin

Os Trasnós de Moscoso

Rap do país: esta é a mellor definición do que fan OS TRASNÓS

DE MOSCOSO, hip hop en galego para que a sociedade mude, para desafogarse e para divertirse.

www.ostrasnosdemoscoso.com

Overlook

Os caldenses OVERLOOK somérense nunha interesante espiral de música pop electrónica, experimental e densa, que xa percorreu boa parte dos escenarios do país.

www.overlook.tk

Pablo Bicho Quinteto

PABLO BICHO leva actuando sen descanso desde finais dos anos oitenta, con formacións diversas, botando man da súa gran personalidade de gran animal de escenario.

Pablo Seoane Quartet

Ampliando a súa banda, PABLO SEOANE busca agora maior riqueza de timbres, máis alcance harmónico e máis contundencia rítmica para as súas composicións orixinais de jazz contemporáneo.

Phantom Club

Descarga enerxética de funk-rock con pinceladas de rap é o que ofrecen os PHANTOM CLUB, un grupo moi diferente, formado por oito músicos, tres deles cantantes, fusionados baixo o mesmo xen.

www.phantomclub.es

Por Placer

Encabezados pola voz persoal de Emma Placer, os vigueses POR PLACER fan de cada unha das súas cancións unha historia que navega entre o rock contundente e a canción de autor.

www.porplacer.es

Preachers of Rock and Roll

Dous mozos que repasan as pezas máis clásicas do rock and roll de sempre: iso é o que son os PREACHERS OF ROCK AND ROLL, unha guitarra e unha gran

Samesugas

SAMESUGAS son unha das máis grandes bandas de rock and roll do país, con discos editados internacionalmente e concertos realizados en media Europa, e o directo indudablemente máis contundente, bestial, divertido e insuperable da volta.

www.samesugas.com

Samuel Levi

O vigués SAMUEL LEVÍ déixase influenciar polos cantautores españois e suramericanos nas delicadas composicións do seu



SAMESUGAS

voz que chegan a todo tipo de públicos.

www.myspace.com/preachersrock

Rockers Go To Hell

Dez anos repasando o mellor do cancionero rock dos anos cincuenta afirman a traxectoria destes coruñeses; pouca xente pode contar como foi un concerto de Elvis, pero ninguén dos que foron ver os ROCKERS GO TO HELL saíu defraudado.

Ruso Negro Dúo

RUSO NEGRO DÚO é unha compañía fundada no 2004 por Mon Orenco (ex lateral do Tambre Piel Santiago) e Simone Negrín (ex cociñeiro de Laura Pausini) para mesturar música e humor.

www.myspace.com/rusonegro

disco *Turno de noche*, que segue presentando por Galicia.

www.myspace.com/samuelelevi

Seigny

SEIGNY, o proxecto de Lucía Rolle, agora apoiado pola batería de Xulio Vázquez, espreme un pouco máis a sincera e íntima atmosfera do seu disco *Melancholic*, que contará con secuela neste 2009.

www.myspace.com/seignymusic

Snatch

Propulsados pola poderosa voz de Paola Piñeiro, os composteláns SNATCH apéganse ao rock clásico e á instrumentación coitada para poñer ambiente ás súas letras en galego.

www.myspace.com/snatchesantiago

PHANTOM CLUB





Sojazz

SOJAZZ son un grupo de nova formación, pero con compoñentes coñecidos na escena do jazz galego, como Pablo Estelles, Antonio Castillo, Gabriel Peso, Anxo Morales e Jorge del Río.

Som do Galpom

Novísimos, con cen concertos en dous anos e medio de vida e recentes gañadores do concurso Nsaio no Camiño, SOM DO GALPOM e o seu "funky-reggae-rap" con mensaxe seguen gozando e facendo gozar.

www.somdogalpom.com

Stereotipos

STEREOTIPOS buscan a canción pop perfecta e o retrouso axeitado; abreconcertos de varios dos mellores grupos españois do momento, son unha das firmes promesas do panorama galego.

www.stereotipos.net

Sugar Mountain

Gravan discos en Estados Unidos, venden en Alemaña e fan fantásticas cancións de rock americano. Con todo, onde máis se goza dos animais escénicos que son SUGAR MOUNTAIN é en directo.

www.sugar-mountain.net

Swing Session Quintet

Enraizados na Travesas Big Band de finais dos setenta e lidera-

dos polo cantante e saxofonista Javier Jaso, SWING SESSION QUINTET modernizan o jazz vocal clásico con versións e temas propios en inglés e en galego.

Swingpool

O proxecto de SWINGPOOL naceu en Santiago de Compostela na primavera de 2007, froito do contacto entre tres músicos de ampla experiencia que apostan polos temas orixinais en inglés e en galego e a revisión de estándares clásicos.

www.myspace.com/swingpooltrio

Tangazz Trío

Trátase de tres músicos profesionais unidos en TANGAZZ TRÍO para dar a súa visión persoal dos clásicos tangos de barrio porteños, aderezada co mellor do jazz estándar.

The 38Beats

THE 38BEATS definen a súa música como "disco & roll", un triturador de versións no que coinciden Hendrix, Marley, The Beatles, Sly and the Family Stone ou Ray Charles en clave de baile.

www.myspace.com/the38beats

The Blows

A revelación do revival post punk galego continúa en xira presentando o disco *Upskirts*. Prometedores, descarados e directos,

THE BLOWS seguen de paseo pola cidade do pecado.

www.myspace.com/theblows

The Fishfuckers

THE FISHFUCKERS, vigueses, ofrecen punk rock and roll acelerado, protéinico e borrachuzo, propulsado por guitarras galopantes e unha decidida voz feminina.

www.myspace.com/fishfuckers

The Homens

A carriña de pop poderoso dos THE HOMENS segue facendo quilómetros e presentando *Tres*, o seu primeiro disco longo, agora enriquecido coa adición dun teclista e de novas cancións con gusto pola psicodelia.

www.thehomens.com

The Sweat

Despois de moito danzar por aí, os THE SWEAT decidiron que

o rocksteady ou o reggae, sen deixar de lado o soul, o surf e as bandas sonoras de películas de terror e de ciencia ficción.

www.transilvanians.com

Tumbling Dice

De nome stoniano e traxectoria longa, os arousáns TUMBLING DICE fan temas propios de rock de toda a vida cantados en inglés, e versións de clásicos do xénero.

Víctor Aneiros

Todo un mito do blues galego, VÍCTOR ANEIROS segue percorrendo o planeta como guitarrista de raza, con clase, poñéndolle alma galega á música negra.

www.victoraneirosband.com

Vozes da Rádio

As VOZES DA RÁDIO son un quinteto vocal do Porto, consagrado á música a capella, onde



STEREOTIPOS

tamén eles tiñan algo que dicir sobre as táboas. Funk e música para a pista de baile dun grupo que fará suar ao respectable como poucas veces.

Transilvanians

Devotos confesos da música xamaicana, TRANSILVANIANS móvense entre estilos como o ska,

o humor e a boa disposición son parte importante.

Woden

WODEN, o cuarteto de gravatas azuladas e camisas negras, fan rock clásico con toques de ska e metal, con letras variadas, e tamén versións dos oitenta.

www.myspace.com/wodenvigo

GEORGE DEKKER & THE PIONEERS

'Time Hard' (1972) Trojan Records



Por KINO 'LITTLE COBRA', DOS TRANSILVANIANS



Tras formar parte do dúo Winston & George e de The Pioneers, un dos conxuntos vocais do reggae orixinal máis destacables da historia, George Dekker (medio irmán do grandísimo Desmond) emprende a carreira como vocalista en solitario gravando *Time Hard*, un *single* para o catálogo Trojan.

Xa lindando a fronteira cronolóxica co reggae roots, percíbese unha pequena evolución cara a eses sons no rascado da guitarra e na liña de baixo, así como na substitución do órgano por un sintetizador (e por certo

que non queda demasiado charramangueiro!). A letra fai un retrato da realidade social deses momentos, e transmite unha mensaxe altamente positiva cunha melodía de voz pegadiza chea de sentimento: iso é precisamente o que destila cada suco do vinilo.

A outra cara do *single* contén 'Fall In Love', un pepinazo en clave early reggae asinado por Sidney, George & Jackie, ou, o que é o mesmo, The Pioneers (que tamén traballaron baixo outros pseudónimos, como Soul Mates, The Slickers, Reggae Boys...).

Time Hard entrou con forza nas listas de éxitos británicas, arrasando como outros tantos hits do santuario Trojan, e converteuse na canción máis popular da discografía en solitario de George Dekker. Multitude de bandas como The Selecter ou os Loafers fixeron versións do tema en anos posteriores. Hoxe, catro décadas despois da súa aparición, a mensaxe desta canción segue igual de vixente: "Cada día as cousas van a peor. Os tempos son duros, os cans e todo o mundo buscan traballo. Nunca se ve fume se non hai lume".

KINO 'LITTLE COBRA' É BATERÍA E CANTANTE DO GRUPO VIGÜÉS TRANSILVANIANS, CONSAGRADO AOS RITMOS XAMAICANOS. ACTUALMENTE PREPARAN O SEU SEGUNDO DISCO.



UN DÍA CON:

A TUNA RASTAFARI

Son dos máis novos, pero tamén dos máis traballadores. Formada hai apenas catro anos, A Tuna Rastafari fíxose rapidamente un nome no circuito de salas, festivais e verbenas de Galicia. Porque o seu é iso: a festa, a troula sen parada que garanten en cada un dos seus directos. A súa música é tan imprevisible e creativa como o foi a súa historia: empezaron sendo cinco, e agora xa van polos dez, entre percusións, guitarras, ventos, acordeóns e todo o que lles apeteza. Queren aínda máis: nos últimos tempos, a súa grande acollida en territorio galego catapultounos ás xiras polo exterior: en Portugal xa son habituais, e participan en propostas como o programa OuTonalidades; e en Cataluña, a meca da música de fusión que eles propugnan, empezan a facerse un oco. As imaxes que ilustran este día que AO VIVO MÚSICA pasou coa Tuna Rastafari corresponden a unha destas excursións por terras catalás, a que levaron a cabo a finais de setembro do ano pasado para actuar no Mercat de Música Viva de Vic.



▲
Dous compoñentes da
Tuna, de 'paseo' por
Barcelona



▲
Comprando roupa fina
para a actuación

Con sombreiros
mexicanos, puro
corrido do Morrazo



◀ Facendo as
probas de son



◀ E, por fin, A Tuna
Rastafari en directo



◀ Entrando no
camerino despois
de tocar

Foto de familia cos
vapores do concerto
aínda presentes



“SON AS CANCIÓNS, PASMÓNS!”



Por BELÉN REGUEIRA

It's the economy, stupid! foi o mantra da vitoria de Bill Clinton sobre George Bush I nas presidenciais de 1992. Volveuse botar man del para explicar o final da era do Bush pequeno, aínda que á irresistible ascensión á Casa Branca do primeiro presidente negro xa se lle deron todo tipo de interpretacións, mesmo musicais. Unha dieta sonora que inclúe Stevie Wonder, Miles Davis, Bruce Springsteen ou Jay-Z tamén explica por que Obama é posracial, riquiño e 2.0, e a fascinación global que provoca. Á espera de que alguén lles mire o iPod aos tres tenores da política galega antes das próximas autonómicas para comprobar se levan o *Galicia es una mierda* de Ataque Escampe, o *Eterno navegar* de Uxía ou *Reconstrucción* de Deluxe, a música galega tamén está en plena fase *Yes, we can*.

No cambio do antigo ao novo réxime (galego) o coro de ladañas queixosas sobre o estado da cuestión musical entre nós mudou en certo optimismo antropolóxico que hai que saudar e para o que cómpre recoñecer razóns obxectivas. A eclosión dunha nova e diversa xeración de grupos, as novas oportunidades cibernéticas ou radiofónicas de saber da música do país, a existencia dunha incipiente industria autóctona –que agroma en plena desfeita da mundial– e, por suposto, a chegada á festa das institucións autonómicas. Habrá poucos que non celebren que o rocanrol, o hip hop e a canción do verán sexan considerados cultura, e por tanto merecedores de protección pública, pero aínda non hai

consenso sobre o tipo de baile que deben bailar cultura e administración, *suelto* ou agarrado, que vén sendo tamén o cerne do debate planetario sobre a relación do estado e o mercado.



Agora que volven os retrousos marxistas, non serei eu quen negue a importancia da dimensión económica de todo o que existe, ou a necesidade de auditar a nosa industria (cultural) musical, pero a música non só é (nin o é sempre) unha actividade económica, e a min, que non son promoto-

ra, nin disquera, nin técnica cultural, o que me importa son as cancións. As cancións, esas que segundo Lou Reed cada vez valen menos: non só porque esteamos máis dispostos a pagar por trebellos tecnolóxicos

que polos contidos aos que accedemos con eles, senón polo desequilibrio entre a oferta e a demanda, esa lei prosaica e inexorable, que así e todo tampouco serve para explicar enteiramente por que o público non responde de maneira máis entusiasta a iniciativas como a Rede Galega de Música ao Vivo.

Mentres cavilamos na maneira de que agrome unha cultura musical contemporánea popular ha de haber moitos debates económicos necesarios e pertinentes para o futuro da música galega, pero aínda que a SGAE non o crea, non van ser os economistas, os avogados nin os conselleiros os que nos expliquen cando, como e por que aparece unha boa canción, nin as misteriosas razóns polas que dous minutos e medio de música poden contribuír a mellorar o putrefacto estado do universo.

Non sei de que depende que a música galega vaia producir nos próximos anos cancións que nos golpeen, nos emocionen, nos fagan bailar e saiban recoller o *sign of the times*. Non sei de que depende pero, é que hai algo máis importante?

BELÉN REGUEIRA É XORNALISTA E DIRECTORA DO PROGRAMA 'EXTRARRADIO' DA RADIO GALEGA.

A SALA



FOTO: JANITE

LA FÁBRICA DE CHOCOLATE

RÚA ROXELIO ÁBALDE, 22 (VIGO)
WWW.FABRICADECHOCOLATECLUB.COM

Na flamante web de La Fábrica de Chocolate aparecen, un por un, os aproximadamente 600 concertos que leva acollidos nos seus tres anos e medio de existencia. É evidente que a Fábrica non é o local máis veterano de Galicia, pero desde xuño do 2005 gañou o seu lugar entre os máis míticos: grandes nomes e grandes noites vivíronse neste palco, encravado na clásica zona de copas viguesa de Churruca.

“Desde o 2005 o panorama das salas de concertos rexenerouse”, asegura Jorge López Maquiería, Yoyo, responsable da Fábrica, quen apunta que, nestes últimos anos, “algúns locais que levaban tempo no mundo do directo pecharon, e abriron outros que se están intentando facer un oco. Desde o meu punto de vista, agora temos unha oferta máis variada que antes”.

A nómina dos artistas que pisaron as táboas da Fábrica é enorme: desde o mellor de Galicia (Niño y Pistola, Nadadora, Deluxe e practicamente todos os demais) a mitos da historia do rock (Marky Ramone, Paul Collins), e tamén grandes grupos nacionais e internacionais, o que dá lugar a veladas inesquecibles coma as das aglomeracións para ver a Tony Lomba e Elio dos Santos ou a dos Posies, que deixaron a súa pegada

chantando dúas guitarras no falso teito sobre o escenario. De todas elas, Yoyo garda especial recordo da primeira, o 25 de xuño do 2005, con Slim Jim Phantom, batería dos Stray Cats nos oitenta. Pero hai moitas máis para destacar: “En todos estes anos, nos camerinos non sei o que puido pasar, pero para actuacións raras, a dun californiano chamado Bog Log III. Era un home orquestra, e viña en autocaravana xirando por toda Europa el só; era un home curioso que, a verdade, gustou moito”.

Panorama competitivo

“Eu creo que en Vigo nós significamos moito”, asegura Yoyo. O panorama das salas na gran cidade do sur é o máis competitivo de Galicia, cun número de lugares que programan música en directo que non para de medrar: “Na variedade está o gusto”, asegura o responsable de La Fábrica de Chocolate. “Tentamos non facer concertos do mesmo estilo no mesmo día, aínda que ás veces é imposible. Polo demais, creo que é bo para todos que teñamos nesta cidade varias salas”, apunta.

Di Yoyo que “tantos bolos en tres anos e medio aguántanse grazas a cousas como as mensaxes de agarimo que nos chegan ao mail e aos foros, nas que ves que a xente agradece os esforzos que facemos para traer determinados artistas. Ademais, este é o noso medio de vida, e, se no teu traballo non estás motivado, cómente, como diría o outro”. E logo está a resposta da xente, noite tras noite: “Ao público de Vigo hai que darlle polo menos un dez”.

O LOCAL DE ENSAIO



O NORTE ESTÁ CHEO DE MÚSICA

LOCAL DAS ANZAS. RIBADEO

O único local da rede Nsaio que polo momento hai no norte da provincia de Lugo é o das Anzas, en Ribadeo. Unha particularidade que o fai especialmente interesante para a dinamización cultural é que está situado no rural, nunha antiga escola da parroquia de Covelas, rehabilitada e adecuada para a súa nova actividade. A planta baixa utilízase a asociación de veciños REANEM, unha das máis activas do municipio, e no primeiro andar é onde os novos grupos se dedican á creación.

Os mozos e mozas ribadenses dispoñen neste local do material necesario para darlle forma aos seus temas desde novembro do 2007. Nestas instalacións ensaian de maneira regular grupos como Beetle Judge, Synesthesia, Jotace ou Escala Drinker. Ao ser este o único local da Mariña, está recibindo peticións de formacións doutros concellos: en breve comezará a ensaiar alí un grupo de Foz, Made in Real Fusion.

A colaboración entre os grupos en actividades como *jam sessions* –un exemplo é a que se levou a cabo o 28 de novembro contra a violencia machista– completa esta interesante oferta.

REDE GALEGA DE LOCAIS DE ENSAIO: WWW.NSAIO.ORG



DE ESQUERDA A DEREITA E DE ARRIBA A ABAIXO: NIÑO Y PISTOLA, TOQUES DO CARAMULO, JOÃO GENTIL, UXU KALHUS, MOONDOGS BLUES PARTY E BUKOWSKI BLUES TRÍO



PRIMEIRO O ATLÁNTICO, AGORA O MEDITERRÂNEO

Dúas iniciativas da AGADIC promoven a circulación de artistas e músicas de Galicia con Portugal e Cataluña

De Bueu a Estarreja, de Lugo a Lisboa ou do Grove a Paços de Ferreira... e agora a Barcelona, Tarragona ou Lleida. Os grupos e artistas galegos atoparon nos últimos tempos unha nova vía para dárense a coñecer no exterior a través de iniciativas postas en marcha pola Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) como a extensión da Rede Galega de Música Ao Vivo ao programa portugués OuTonalidades, a través da que músicos de aquí traspasan a raia para mostrar a súa arte no país veciño, ou como a nova liña de traballo con Cataluña que este ano se abre.

O programa OuTonalidades é un bo exemplo da osmose musical transfronteiriza. Este ano, a colaboración entre a AGADIC e a d'Orfeu Associação Cultural supuxo alongar por primeira vez o circuíto, que conta xa cunha grande implantación en Portugal. O intercambio materializouse na presenza de seis grupos portugueses nas salas galegas, e a de cinco grupos galegos en territorio portugués, nun total de



36 concertos, dos 59 programados nesta duodécima edición da iniciativa lusa. En Galicia, a AGADIC e a Clubtura foron os encargados oficiais de sacar adiante o OuTonalidades, que contaba, na súa extensión galaica, co apoio do portugués Instituto Camões. Todo este movemento de artistas foi coordinado desde Águeda pola d'Orfeu Associação Cultural.

Luis Fernandes, responsable da devandita asociación e un dos principais impulsores do OuTonalidades desde os seus inicios, explica que “esta edición número doce foi única, sen ningunha dúbida. Creouse unha ruta única de espazos e grupos portugueses e galegos, e varreuse, literalmente, toda a costa occidental ibérica, da Galicia ao Algarve”. O OuTonalidades levouse a cabo en 19 diferentes espazos culturais, en salas públicas e privadas, cafés concerto e bares asociativos. O duodécimo OuTonalidades pasou por Aguada de Cima, Águeda, Allariz, Aveiro, Bueu, Estarreja, Évora, Ferrol, Chaves, Fundão, Guarda, Lisboa, Lugo,

Melide, Nigrán, O Grove, Paços de Ferreira, Tondela e Távora.

“Foron moitas noites memorables as desta edición –explica Fernandes– e moitos os quilómetros percorridos polos grupos. Con todo, creo que cubrimos o obxectivo, e o evento posibilitou, unha vez máis, un efecto multiplicador de novas oportunidades culturais para espazos e para grupos”.

Os artistas que o ano pasado puideron participar nestas OuTonalidades foron os portugueses João Gentil e Luis Formiga, Mú, Quinteto Sofia Ribeiro, Rui Pedro, Toques do Caramulo e Uxu Kalhus; e os galegos Bukowski Blues Trío, Carlos López Quartet, Moondogs Blues Party, Niño y Pistola e A Tuna Rastafari.

Novos territorios

Por outra banda, neste 2009 iníciase unha nova liña de programación que levará aos grupos galegos ás salas de Cataluña. Esta actuación enmárcase dentro da liña de promoción exterior da música galega

de todos os estilos desenvolvida dende a AGADIC e a Consellaría de Cultura, e que se está a materializar tamén a través do apoio institucional á participación do sector musical galego en feiras internacionais como Womex ou Midem. A Rede Galega de Música ao Vivo estenderase en 2009 a Cataluña grazas ao acordo establecido co Institut Català de les Indústries Culturals (ICIC), que levará a música galega ás salas pertencentes á Associació de Sales de Concerts de Catalunya (ASACC), creada en 2001 e integrada na actualidade por máis de cincuenta locais.

Esta iniciativa específica, que se atopa en proceso de programación, desenvolveuse de febreiro a maio e de setembro a novembro deste ano, nun total de dez salas das catro provincias catalás. Os grupos, que farán un mínimo de dous concertos por este procedemento, terán así un apoio para dar a coñecer a súa arte en Cataluña, posto que as actuacións irán acompañadas de ferramentas de promoción e difusión.

TABOLEIRO

Se queres que a túa foto apareza no taboleiro de **AO VIVO MÚSICA**, envíanola cun pequeno comentario a agadic@xunta.es (asunto: taboleiro ao vivo)



Imaxe do **Aguardiente Swing Quartet**, en directo no Jazz Filloa coruñés. 01-05-2008.
Foto: Isabel González



Cornelius, en directo no Náutico do Grove. 11-10-2008.
Foto: David Vidal



Sweet Oblivion na sala La Iguana, en Vigo. 18-1-2008



El Cubo en La Fábrica de Chocolate, de Vigo, o 07-02-2008.
Foto: Keka Suárez



Dorian Gray en Vigo, na Fábrica de Chocolate. 10-04-2008. Foto: Luis Sanz Sastre



Os **High Sierras**, nunha das súas últimas actuacións antes de dar por pechada unha etapa. Foto: Marta Brea



Os ponteareáns **Capitán Furilo** no Pub D'Antón da Laracha, o 20-06-2008



O ritmo xamaicano dos **Transilvanians** na Iguana viguesa, o 07-06-2008. Foto: Benjamín Ferré



Zënzar, clásicos do rock galego no Badulake ordense. 02-05-2008

2009 SALAS GRUPOS

A FUNDACIÓN 6PM
ACHE 7 PUERTAS
AURIENSE CAFÉ CULTURAL ATUNA RASTAFARI
BAD LUCEUM ADRIÁN COSTA & MARCOS COLL
BARANDA AGUARDIENTE SWING QUARTET
BAR PATOS AÍO
BAR POTOS ALBERTO PÉREZ
BORRIQUITA DE BELÉM ALVARO MURAS
CAFÉ CONCERTO ANTANO ANGER
CAFÉ CULTURAL ROJ XORDO APHONNIC
CASA DAS CRECHAS ATAQUE ESCAMPE
CATRO CAMIÑOS BALADOSA AMARILLA
CLANDestino BALDOSA AMARILLA
CONTRABAJO BANDA POTEMKIN
EL ENSANCHE BROTHERS IN BAND
EL OTRO CAIMÁN BRUNO T. FORD
GARUFA CARLOS CHILDE TROUPE
FORUM CELTICUM CHAMITO EL FLAKO
JAZZ FILLOA CON CIERTO SWING
JAZZ VIDES COOTRAIN BAND
LA CASA DE ARRIBA CORNELIUS
LA FÁBRICA DE CHOCOLATE COYOTE EXPRESS
LA GALERÍA JAZZ CREOLE KINGS
LA IGUANA CLUB DANDY FEVER
MARRUCHO DEBUXOS REANIMADOS
NÁUTICO DOCTOR HARAPOS
O CON DO MOUCHO EDU MAMAZAS & WHISKY TREN
PLANETA ECTOPLASMA
PUB O MUÑO EL CUBO
PUB GATOS EL PUCHERO DEL HORTELANO
PUB LEBLÓN ELODIO Y LOS SERES QUERIDOS
PUB D'ANTÓN ROCK CAFÉ
PUB RUM EL PUCHERO DEL HORTELANO
SALA RUM RUM EL PUCHERO DEL HORTELANO
SALA 600 FABULOSOS CUBATAS DE FOCKINK BROTHERS
SALA CLAN FAINOTI
SALA KARMA FÉLIX ARIAS
SALASON FRANCIS
SALÓN PARROQUIAL GRAHAM FOSTER TRIO
VAGALUME CAFÉ CONCERTO GURU DEVA
ZONA ZERO HARRY NAVISSON BAND
HÉCTOR LORENZO
HENDRIK RÖVER Y LOS ESQUELETOS
HOLY WATER
JAVIER CONSTENIA IMPROVIA
JAVIER PEREIRO QUARTET
JOSÉ LUIS PARDO & THE MOJO WORKERS
LA PEGATINA
LISANDRO ARISTIMUÑO
LITTLE ALBERT BOOGIE BAND
LOS ETERNOS
LOS MARCIANOS
LOS MECÁNICOS
LUCÍA MARTÍNEZ MEETS MUSIC
M3 MONKEY BOOGIE BAND
MAGÍN BLANCO & BURGAS BEAT
MEU
MICHEL GONZÁLEZ BAND
MICROGUAGUA
MIKI NERVIO & THE BLUESMAKERS
MISQUIOUS
MOON CRESTA
MOONDOS BLUES PARTY
MR. WHIZ
NIÑO Y PISTOLA
O SONORO MAXIN
OS TRASNOS DE MOSCOSO
OVERLOOK
PABLO BICHO QUINTETO
PABLO SEANE QUARTET
PHANTOM CLUB
POR PLACER
PREACHERS OF ROCK AND ROLL
PREACHERS GO TO HELL
RUSO NEGRO DÚO
SAMESUCAS
SAMUEL LEVI
SEVIGNY
SNATCH
SOJAZZ
SOM DO GALPOM
STEREOTIPOS
SUGAR MOUNTAIN
SWING SESSION QUINTET
SWINGPOOL
SWINGTRIO
TANGAZZ TRIO
THE 38BEATS
THE BLOWS
THE FISHUCKERS
THE HOMENS
THE SWEAT
TRANSILVANIANS
TUMBLING DICE
VICTOR ANEÍROS
VOZES DA RÁDIO
WODEN



Rede Galega de música ao vivo


PROGRAMACIÓN CARLOS
HUMBERTO DÍAZ PÉREZ

www.musicaovivo.info



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

AGADIC



Axencia Galega das
Indústrias Culturais

clubtura
asociación galega das salas de música ao vivo